

ADENDA XERAL ÁS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Conforme á *ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, e ás *Aclaracións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa relativas á organización do final de curso 2022-2023 para as etapas de ESO e Bacharelato*, establécense as seguintes directrices para todas as programacións didácticas do IES Cabo Ortegal no relativo ás avaliacións finais e á organización do final de curso:

ACTIVIDADES LECTIVAS

- As actividades lectivas nas ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato realizaranse desde o día 8 de setembro de 2022 ata o 21 de xuño de 2023, debendo asistir todo o alumnado a clase ata o día 21 de xuño inclusive (a excepción do alumnado de 2º de Bacharelato cuxo calendario está adecuado ás datas previstas para a convocatoria ordinaria da ABAU).
- Á hora de establecer as datas das avaliacións finais teranse sempre en conta os prazos para resolver as posibles revisións e reclamacións das cualificacións finais por parte do centro e, no seu caso por parte da Xefatura Territorial.

AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- O alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria terá tres sesións de avaliación parciais e unha avaliación final. A sesión da terceira avaliación parcial de cada grupo coincidirá coa sesión da avaliación final e realizaranse conxuntamente os días 22 e 23 de xuño de 2023.
- O profesorado de cada materia ou ámbito, coordinado pola Xefatura de Departamento, organizará as distintas actividades de recuperación para o alumnado que non superase, de selo caso, algunha parte da materia ou ámbito e, en todo caso, sempre antes da data establecida para a sesión de avaliación final.

AVALIACIÓN NO BACHARELATO

- Todo o alumnado de bacharelato realizará tres sesións de avaliación parciais, unha avaliación final ordinaria e unha avaliación final extraordinaria, coincidindo a terceira avaliación parcial de cada grupo coa sesión da avaliación final ordinaria.
- Para o alumnado do primeiro curso de bacharelato realizarase a sesión de avaliación final ordinaria o 6 de xuño.
- O alumnado do segundo curso de bacharelato realizará a sesión de avaliación final ordinaria no mes de maio (previsiblemente o 15 de maio), adecuándose esta sesión ás datas previstas para a convocatoria ordinaria da ABAU (6,7 e 8 de xuño de 2023).
- As probas finais da convocatoria extraordinaria no primeiro e segundo curso de bacharelato realizaranse entre o luns 19 e o mércores 21 de xuño de 2023.
- As sesións de avaliación final extraordinaria do primeiro e segundo curso de bacharelato realizaranse o 22 de xuño de 2023.